

PIG

Michael Sarnoski, 2021

967

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2022 | V.O.S.E. | +12

Rob deixou o seu pasado atrás. Agora vive illado nunha cabana medio escanastrada nun bosque de Oregón. A súa única compañia, e medio de vida, é a súa porca buscadora de trufas. O único contacto de Rob co mundo é Amir, quen lle merca as trufas para os restaurantes da cidade. Cando secuestran á súa cocha, Rob lánzase na súa busca nun estraño submundo criminal dos restaurantes de Portland.

«Un drama innegablemente estraño, pero sorprendentemente conmovedor»

Johnny Oleksinski, NEW YORK POST



Entrevista con Michael Sarnoski «Interésame explorar a maneira en que a perda nos moldea»

Cal foi a inspiración para crear unha historia sobre un cazador de trufas e a súa porca? A inspiración inicial foi a imaxe real dun ancián camiñando cun coche polo bosque. Sobre as trufas, creo que só as tiña probado unha vez na vida pero hai algo que me atrae do mundo que as rodea, o illamento que xera nos buscadores e o roubo de cans, porcos e trufas. Hai toda unha economía ao seu redor que seguramente a xente descoñece. Pensei que sería era un terreo fértil para explorar e establecer numerosas conexións creativas. Tamén había outras cuestións de índole máis persoal ou familiar. Meu pai faleceu sendo eu un neno e non fai até cumprir os vinte cando me decatei das cicatrices que este feito causara na familia, non como algo explícito senón como un xeito diferente de interactuar co mundo. Interésame explorar a maneira en que a perda nos moldea. Todo isto fusionouse en Pig, un tipo que perde o seu porco e logo ten que afondar no que a dor causou nel e en quen o rodea.

Non está mal traballar con Nicolas Cage no teu primeiro filme. Como foi gravar con el? Foi abraiante. Tivemos moita sorte ao contar con el, recordo que alguén suxeriu pero parecíanos imposible que fose aceptar. Leu o guión e encantoulle, estaba realmente conectado co personaxe e entendeuno desde o primeiro momento. Apreciou e respectou o material orixinal sen tentar cambialo e foi un pracer traballar con el. É un verdadeiro artista, mergúllase por completo nos seus papeis... Pero tamén é un profesional absoluto, comprometido co proxecto, respectuoso con toda a equipa e un punto de apoio para os demais actores. Sempre era un dos primeiros en chegar ao set de rodaxe. Filmamos a película en vinte días en localizacións reais, sobre todo en Portland, así que foi un proceso esixente.

Por que decidiches que o personaxe de Nicolas fose un antigo chef? Parte desa decisión débese á investigación que fixemos sobre o mundo das trufas. Cando decidimos que Portland era o lugar atinado para isto, porque é un dos principais puntos de recollida de trufas silvestres, tívonos sentido ligalo á escena gastronómica que hai no lugar. El non é vexetariano, pero non é raro imaxinar que un chef, a pesar de ter preparado unha chea de pratos de carne, teña un profundo respecto polos animais. E coido que iso se prolonga a todo o que fai, cun enorme respecto por todas as fases da cociña. A elección do chef tamén foi en parte por iso. Non quero dicir que o filme subvirta todos os códigos do xénero, porque está claro que ten un armazón de cinema negro, unha caste de vaqueiro que chega a unha cidade pero que, en lugar dun gran pistoleiro, é o mellor chef da rexión. Eis o reemprazo. De aí que no desenlace, en lugar do tiroteo habitual, el use os seus poderes de maneira diferente.

A pregunta é un pouco rara pero, como foi traballar cun porco? Os porcos eran os animais habituais na recolleita de trufas porque as femias se senten atraídas polo seu cheiro, similares ás feromonas dos machos. Hoxe en día empréganse case sempre cans porque podes adestralos para que non coman as trufas. Gustoume a elección do porco porque é unha maneira máis antiga de facelo. En canto ao traballo coa porca foi moi difícil a verdade, non podes planificar ou prever o seu comportamento. Vanessa e máis eu viaxamos polas granxas locais de Portland e tentamos elixir a unha con personalidade. Así demos con Brandy, precisamos unha semana para adestrala minimamente e para capturar a súa verdadeira personalidade.